

Regulamentos de escolas privadas da provincia de Ourense

Carmen Benso Calvo
Universidade de Vigo

Os regulamentos dos centros docentes constituen unha fonte de primeira orde para a historia escolar. Achegándonos a eles podemos coñecer, con bastante precisión, a intrahistoria das nosas institucións docentes que ata fai relativamente pouco tempo conformaban, extrañamente, un baleiro na historia da educación. É máis, se temos en conta que os regulamentos relativos ás escolas primarias non oficiais de principios do século XX, ás que asiste unha porcentaxe elevada de nenos e nenas escolarizados na época, amósannos aspectos importantes da súa organización e funcionamento.

Centrándonos nas primeiras décadas do século pasado a lexislación vixente entón (Real Decreto de 1 de xullo de 1902) prescribía que para establecer un centro de ensino de carácter particular precisábase a correspondente autorización da Administración. Isto supoñía que a persoa interesada en abrir un colexio ou escola particular (con ou sen título profesional) tiña que presentar a solicitude de apertura do centro acompañada dunha serie de informes e documentos entre eles o regulamento polo que se vai a rexer o centro. O artigo 4 do Real Decreto antes citado así o establecía expresamente:

“Los que deseen fundar o sostener establecimientos de esta clase, un mes por lo menos antes de abrirlos, lo pondrán en conocimiento del Director del Instituto general y técnico, acompañando dos copias en papel simple de la instancia, tres ejemplares del reglamento por que se ha de regir el establecimiento, y otras tres de los estatutos aprobados, si se tratase de sociedades o corporaciones de cualquier clase que sean; un plano, también por triplicado, del local donde se haya de dar la enseñanza, con nota explicativa del mismo, y un informe de la autoridad local, haciendo constar que no se opone a las ordenanzas municipales en cuanto a las condiciones de salubridad, seguridad e higiene del edificio, y que se ha cumplido lo preceptuado en la Real orden de Gobernación de 15 de julio de 1901.

En la solicitud se hará constar el lugar y local en que se ha de establecer, y el nombre del Director, acompañando además:

1º Un cuadro de las enseñanzas que comprenda el número, nombre, orden de las asignaturas que hayan de explicarse, y un catálogo de los gabinetes y de todo el material científico si lo tuviere.

2º Los documentos de filiación, entre los que se incluirá el certificado de buena conducta y residencia, expedido por la autoridad municipal del lugar donde haya residi-

do los tres últimos años, a favor del que haya de dirigir el establecimiento, así como de los títulos que posea”¹.

Na solicitude farase constar o lugar e local no que se ía establecer a escola en cuestión, así como o nome do director e ademais:

No proceso de instrucción que sigue á recepción do expediente. O director do Instituto provincial debía ordear a inserción da solicitude e de algún dos documentos que a acompañaban no Boletín oficial da provincia, dando un prazo de quince días para reclamación por motivos de moralidade, boas costumes e hixiene. Ademais tiña a obriga de solicitar informes ó Delegado de Medicina sobre as condicións hixiénicas do local destinado a escola e ó Inspector de Primeiro ensino e enviar despois toda a documentación ó Rector correspondente. Transcurrido o prazo dun mes sen que tivera recaído no expediente ningunha resolución o establecemento podería abrir a matrícula.

Hai que dicir que as solicitudes de apertura de escolas en Galicia durante as primeiras décadas do século XX, irán diminuindo progresivamente segundo se vai relaxando o control da Administración (o que ocorre a partir do ano 1913), un proceso no que tamén ten o seu papel o progresivo aumento de escolas públicas.

Como consecuencia de todo isto, unha copia dos expedientes das escolas privadas (e de tódolos demais centros de ensino de carácter non oficial), cos seus correspondentes regulamentos atópanse nos arquivos dos institutos da época e outra nos respectivos Rectorados. As condicións nas que se conserva esta documentación non son as que cabería desexar á vista do estado de abandono xeral dos arquivos do institutos provinciais de ensino secundario ata non fai moito tempo. En Ourense, os expedientes de apertura de escolas teñen estado ilocalizables, agachados entre papeis, legaxos, fichas e outros materiais de ensino que se acumulaban sen orde e cunha chea de pó, en moitos casos balorecidos, nun soto eufemísticamente denominado arquivo do actual Instituto Ramón Otero Pedrayo. Fai unhas anos cando faciamos un traballo co alumnado do centro tivemos que pasar moito tempo no devandito arquivo. E foi así como entre carpetas e papeis diversos, atopamos casualmente os expedientes. Na actualidade o arquivo segue a ocupar o mesmo soto se ben a documentación está sendo catalogada e organizada con criterios científicos por persoal profesional.

A revisión dos máis dun cento de expedientes de apertura de escolas na provincia de Ourense durante as tres primeiras décadas do século XX tennos permitido coñecer de primeira mán as posibilidades que para o investigador da historia escolar teñen os regulamentos dos centros. Conven aclarar, en principio, que non se trata de documentos uniformes que seguen un modelo determinado. É certo que moitos deles gardan certo parecido, se cadra como consecuencia do feito que moitos solicitantes tentan reproducir aínda que só sexa de forma parcial aspectos recollidos noutros regulamentos. De aí que en xeral sexan documentos moi variados que ofrecen información diversa. Atopamos exemplos nos que un mestre ou mestra específica polo miúdo practicamente todo o que ten que ver coa organización do ensino e mesmo co desenvolvemento das clases, dando lugar a unha combinación de elementos disciplinarios, de programación

¹ *Historia de la Educación en España. De la Restauración a la Segunda República*, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1989, p. 174.

escolar, procedimentais e metodolóxicos, ou mesmo das condicións económicas e de principios ideolóxicos que presiden a actividade educativa. Pero tamén hai modelos nos que aparece un regulamento escaso, con dous ou tres puntos nos que se trata sobre todo do réxime horario e das esixencias básicas de puntualidade e hixiene dos escolares apelando ademais a seguir as normas que rexen a escola sen especificalas. Entre ámbalas dúas opcións aparecen unha chea de variantes nas que se poden ver mil e unha relacións de intencións -que case nunca se axustan á realidade-, coas que persoas con ou sen título profesional (aínda non era necesario este requisito) tentan abrir unha escola onde poñer en práctica a tarefa escolar. Indubidablemente esta circunstancia, expoñente da formación do ensinante, ponse de manifesto na elaboración do regulamento.

Para nós a utilización dos regulamentos escolares foi esencial para a realización do estudio neste mesmo número da revista adicado a analizar a expansión e condicións da escolarización na provincia ourensá de principios do século XX a través da rede de escolas privadas da provincia. Facemos constar, sen embargo, que non se teñen esgotado, nin moito menos, as posibilidades que ofrece a fonte que comentamos. A continuación reproducimos tres regulamentos que pretenden representar algúns dos modelos os que nos temos referido anteriormente. O primeiro deles corresponde o que foi redactado pola mestra superior Pilar Pereira Santos para a escola de nenas que ela dirixe en 1902 na rua Libertad número 4 da capital ourensá. O segundo corresponde á escola de primeira ensinanza, situada no pobo de Escudeiros (Concello de Freas de Eiras, Ourense) dirixida polo mestre titulado Sergio Vázquez García, aberta no 1910. O terceiro á escola de primeira ensinanza non oficial da Inmaculada Concepción de Celanova que rexentaba a profesora titulada Obdulia Rodríguez no ano 1904.

Reglamento de disciplina de la escuela privada regida por Pilar Pereira en la capital ourensana

- Art. 1º Las niñas que reciben educación en este Establecimiento de enseñanza, se presentarán constantemente en la Escuela con toda exactitud a las horas señaladas para abrir las clases.
- Art. 2º. Todas deben presentarse perfectamente aseadas, tanto las manos y la cara como sus ropas, las cuales, aunque sean pobres, deben estar limpias.
- Art. 3º. Luego que entren en la Escuela, ocuparán respectivamente el asiento que le ha sido designado, guardando el debido respeto y compostura.
- Art. 4º. Los libros y demás objetos de enseñanza han de ser considerados por las niñas como cosas sagradas, y por tanto deben cuidar mucho de no ensuciarlos, ni romperlos, ni cambiarlos: por el trato que cada niña da a sus libros, se conoce su aplicación en la Escuela.
- Art. 5º. Dentro de la Escuela se prohíbe terminantemente romper o ensuciar mesas, papeles u otros objetos; y se recomienda igual conducta fuera de clase, para que las niñas den pruebas de estar bien educadas.

- Art. 6º. Las niñas asistirán a la Escuela provistas de sus libros o útiles de enseñanza, y se prohíbe todo objeto de otra naturaleza, como juguetes o casas de comer.
- Art. 7º. Las niñas han de tratarse entre sí como buenas hermanas, y no deben distraerse unas a otras en las horas de estudio, ni hacaso (sic) burla o causar molestias, para evitar disgustos entre compañeras: es meritorio dispensar faltas de los demás.
- Art. 8º. Cuando entra en la Escuela alguna autoridad, tal como el Sr. Inspector, el Sr. Cura, el Sr. Alcalde u otra persona cualquiera, todas las niñas deben ponerse en pie, hasta que se las mande sentar, demostrando cn su actitud respetuosa que están bien educadas.
- Art. 9º. Se prohíbe que las niñas tomen libros, papeles u otros objetos que no sean los de su uso.
- Art. 10º. La niña que encuentre alguna moneda u otro objeto cualquiera, lo entregará a la Maestra para que esta lo devuelva a su dueña.
- Art. 11º. Al salir de la Escuela, todas las niñas deben ir a sus casas sin detenerse en ninguna parte, y saludarán a sus padres.
- Art. 12º. Todas las niñas tienen obligación de cumplir los artículos de este Reglamento, y las que así lo hagan serán dignas del cariño de la Profesora, quien dará oportunamente un premio, o castigará a la que falte a lo dispuesto.

Ourense 2 de Diciembre de 1902

Pilar Pereira Santos

Disposiciones Reglamentarias de la escuela establecida por Sergio Vázquez García en Escudeiros (1910)

- 1ª. Es obligación de los alumnos asistir puntualmente a la Escuela
- 2ª. Deben asistir con aseo personal y limpieza en los vestidos
- 3ª. La asistencia es obligatoria los domingos y días festivos de 8 a 9 ?.
- 4ª Las faltas de asistencia a la Escuela, serán justificadas por sus padres o encargados.
- 5ª. Las familias recibirán mensualmente un Boletín de correspondencia que señalará las notas de conducta, aplicación, asistencia y aprovecha miento de los alumnos.
- 6ª. En conformidad con las prescripciones legales, al ingresar un alumno en la Escuela, ha de exhibir un certificado de vacuna.
- 7ª. Entre los medios disciplinarios se adoptará el Sistema Preventivo, base de la disciplina.

- 8ª. Se considerará como castigos para los alumnos las siguientes disposiciones: 1ª Hacer que los niños pierdan sus puestos en las secciones; cesen en el cargo que desempeñan; reciban amonestaciones en público o privado; encerrar a un niño en una pieza de la Escuela; en retirarle los billetes que tuviere, no permitirle salir al recreo.
- 9ª. Se considerarán, como premio para los niños, las siguientes disposiciones. 1ª Puntos de preferencia en las secciones; dar billetes de satisfacción; conceder vales que equivalgan a cierto número de puntos buenos y que puedan cajear por objetos útiles; escribir cartas de satisfacción, consignando en hermosas láminas, el nombre del niño y el concepto por el que ha merecido la distinción.
- 10ª. Las horas de clase serán por la mañana, de 9 a 12 con un intermedio espacio de tiempo, de 20 minutos, destinado a recreo; por la tarde de 2 a 8 con espacio intermedio de 40 minutos destinado a recreo.

Ourense 22 de Marzo de 1910

Reglamento de la Escuela de primera enseñanza no oficial de la Inmaculada Concepción de Celanova

- Art. 1º. Las niñas asistirán a la escuela con la puntualidad debida pasándose aviso a los padres cuando las faltas sean repetidas.
- Art. 2º. No será permitido la asistencia a la escuela de cualquier niña que padezca una enfermedad contagiosa o que esté en la convalecencia de la misma.
- Art. 3º. Los padres de las niñas cuidarán con el debido esmero de que aquellas acudan a la escuela limpias y aseadas y con trajes que no desdigan de la decencia.
- Art. 4º. Los honorarios serán por lectura, escritura y labores 5 pesetas, a las que no bordan 2,50 pesetas, y a las pequeñas 1,50, que tendrán que satisfacer a principio de mes.
- Art. 5º. Es obligación de los padres de las alumnas proveerlas de los libros y útiles de enseñanza que ajuicio de la profesora necesitan para sus trabajos diarios.
- Art. 6º. Los padres de familia quedan obligados a respetar la enseñanza religiosa que se da en este Colegio que no será otra que la Católica Apostólica Romana.

Celanova 26 de Agosto de 1904

La profesora
Obdulia Rodríguez